

Universidade de Vigo -
Revistro Xeral

Saída Nº. 201300013319
24/07/13 14:09:55

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE FAI PÚBLICA A INSTRUCIÓN SOBRE O NOMEAMENTO DE TITORES DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES

Co obxecto de racionalizar a tramitación de expedientes de prácticas académicas extracurriculares, xestionados pola Fundación Universidade de Vigo, e posibilitar o cumprimento do regulamento aprobado a estes efectos pola Universidade de Vigo, esta Vicerreitoría publicou unha instrución de 21 de febreiro que establece o procedemento para o desenvolvemento das prácticas académicas externas extracurriculares do alumnado. .

O punto 1.f. da devandita instrución establece que cada centro nomeará un/unha responsable de prácticas externas que se encargará de asignar as titorías ao alumnado que realice prácticas externas.

A efectos de axilizar a xestión das prácticas externas extracurriculares e evitar o retraso na formalización das mesmas , esta vicerreitoría

DISPÓN:

1. A Fundación Universidade de Vigo, dirixirase directamente aos coordinadores de prácticas dos centros solicitando a asignación dun titor/a para cada práctica extracurricular que se estea tramitando.
2. O coordinador de prácticas nos tres días seguintes deberá comunicar á Fundación Universidade de Vigo o nome da persoa do seu centro encargada de titorizar a práctica solicitada.
3. Naqueles casos en que non se reciba a comunicación no prazo establecido no punto anterior, entenderase que o titor/a da práctica é o coordinador de prácticas do centro, quen figurará a todos os efectos como titor da mesma.

4. Nos meses de verán e de xeito particular no mes de agosto, en caso de vacacións da persoa que coordine as prácticas no centro, deberá designarse un profesor/a do mesmo centro que asumirá temporalmente todas funcións daquel, entre outras a sinatura daqueles documentos de formalización de prácticas externas que tramite a FUVI durante o devandito período.

Vigo, 24 de xullo de 2013

O Reitor

P.D. Resolución Reitoral de 5 de setembro de 2011

(DOG nº 176, de 14 de setembro de 2011)

O Vicerreitor de Transferencia de Coñecemento




José Antonio Vilán Vilán

Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica con data de hoxe no taboleiro de anuncios do Rexistro do Campus de Vigo desta Universidade

Vigo, 24 de xullo de 2013

O Secretario da Vicerreitoría de Transferencia de Coñecemento



Alejandro Martínez Gómez